



CÍRCULO TEATRO PROFESIONAL 2025




DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

V I C E P R E S I D E N C I A





Estimados/as programadores/as, aquí vos presentamos unha nova Edición do Circuíto de Teatro Profesional organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo - Área de Cultura.

Neste catálogo figuran as compañías participantes, xunto coas obras que presentan este ano, que seguro vos poden interesar para incluír nas vosas programacións.

Mantemos nesta edición o sistema de copago polo que a Deputación asumirá o 90% do gasto das actuacións no caso de que os interesados sexan Asociacións, o 80% no caso dos Concellos de menos de 6.000 habitantes e o 70% cando os Concellos programadores sexan de máis de 6.000 habitantes (dacordo cos datos do último Censo oficial de poboación do INE 2024). Isto suporá que as Asociacións asumirán o 10% do gasto das representacións e os Concellos o 20 ou 30%, segundo sexan de menos ou de máis de 6.000 habitantes respectivamente (consultar a táboa de cachés que aparece nas páxinas seguintes)

Para concertar as actuacións o procedemento a seguir será o mesmo destes anos. Tras poñervos en contacto coa compañía, teredes que remitirnos cuberta e por correo electrónico (ao enderezo ana.vigo@deputacionlugo.org) a declaración responsable - Anexo IV - da que se achega modelo ao mesmo correo no que se envía esta proposta.

Os programadores poderán adherirse ao programa ata que se esgote o orzamento ou, en todo caso, ata o luns 7 de xullo como data límite. As chamadas atenderanse por orde. As actuacións poderán programarse ata o 31 de decembro de 2025.

Agardamos que a proposta sexa do voso interese e que vos animeades a participar.

Sen máis, abrimos o pano desta nova Edición do Circuíto de Teatro Profesional!

TÁBOA DE CACHÉS

COMPAÑÍA	OBRA	PARTE DO CACHÉ QUE ASUME O SOLICITANTE	
TRÉCOLA PRODUCCIÓN	The Piccole Theatre	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	143 € 286 € 429 €
	Tolitates	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	143 € 286 € 429 €
XAMÓN PRODUCCIÓN	María Balteira, a bailadora primeira	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	338,80 € 677,60 € 1.016,40 €
ÍTACA TEATRO	Cinco minutos sen respirar	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	290,40 € 580,80 € 871,20 €
	Formigas no peto	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	278,30 € 556,60 € 834,90 €
	Anacos	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	48,40 € 96,80 € 145,20 €
	Alma de grilo	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	108,90 € 217,80 € 326,70 €
	Instrucións para tomar café	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	48,40 € 96,80 € 145,20 €
UBÚ TEATRO	O vixilante de soños	ASOCIACIÓN 10% CONCELLOS < 6.000 20% CONCELLOS > 6.000 30%	99 € 198 € 297 €

TÁBOA DE CACHÉS

COMPAÑÍA	OBRA	PARTE DO CACHÉ QUE ASUME O SOLICITANTE	
UBÚ TEATRO	Mudanzas	ASOCIACIÓNS 10%	99 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	198 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	297 €
TEATRO DO MIOLO PRODUCCIÓN	Saíndo do cerco	ASOCIACIÓNS 10%	176 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	352 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	528 €
SEÑOR LÓPEZ PRODUCCIÓN	A viaxe do Señor López	ASOCIACIÓNS 10%	110 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	220 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	330 €
COMPAÑÍA SATORI	Cores do camiño	ASOCIACIÓNS 10%	198 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	396 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	594 €
LILÂ TEATRO	Rara Avis	ASOCIACIÓNS 10%	187 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	374 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	561 €
	Duncan de Palleiro	ASOCIACIÓNS 10%	198 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	396 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	594 €
BÁTEGA TEATRO	Abra da Cabra	ASOCIACIÓNS 10%	187 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	374 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	561 €
	O mundo de Martiña	ASOCIACIÓNS 10%	153,11 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	306,22 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	459,34 €
	O pano	ASOCIACIÓNS 10%	132 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	264 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	396 €

TÁBOA DE CACHÉS

COMPAÑÍA	OBRA	PARTE DO CACHÉ QUE ASUME O SOLICITANTE	
BÁTEGA TEATRO	DiverS@S	ASOCIACIÓNS 10%	45 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	90 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	135 €
MIRCROMINA TÍTERES	Alma de cartón	ASOCIACIÓNS 10%	115,50 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	231 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	346,50 €
	Pasmo de pedra	ASOCIACIÓNS 10%	88 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	176 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	264 €
A COMPAÑÍA SOLITARIA DO DR. MONIFATE	Badman, un home malo	ASOCIACIÓNS 10%	108,90 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	217,80 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	326,70 €
	Esperando ao Dr. Monifate... con Lombao	ASOCIACIÓNS 10%	108,90 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	217,80 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	326,70 €
LOIA PRODUCCIÓN	María Visitación Consolación Amadora	ASOCIACIÓNS 10%	320 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	640 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	960 €
TARABELA CREATIVA	Boa sorte, mala fama	ASOCIACIÓNS 10%	290,40 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	580,80 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	871,20 €
	Vaites, rapariga!	ASOCIACIÓNS 10%	181,50 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	363 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	544,50 €
	A Tarabela Ambulante: IDEA	ASOCIACIÓNS 10%	157,30 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	314,60 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	471,90 €

TÁBOA DE CACHÉS

COMPAÑÍA	OBRA	PARTE DO CACHÉ QUE ASUME O SOLICITANTE	
TARABELA CREATIVA	O que non estaba escrito	ASOCIACIÓNS 10%	72,60 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	145,20 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	217,80 €
BENGALA TEATRO FÍSICO	En carne viva	ASOCIACIÓNS 10%	484 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	968 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	1.452 €
ENÉSIMA	Transparentar	ASOCIACIÓNS 10%	154 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	308 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	462 €
ZOEVIXIÓN	Estarei ata o fin	ASOCIACIÓNS 10%	110 €
		CONCELLOS < 6.000 20%	220 €
		CONCELLOS > 6.000 30%	330 €



Páxs. 11-12

Trécola Producións

Páx. 13

Xamón Producción

Páxs. 14-18

Ítaca Teatro

Páxs. 19-20

Ubú Teatro

Páx. 21

Teatro do Miolo Producións

Páx. 22

Señor López Producións

Páx. 23

Compañía Satori

Páxs. 24-26

Lîlâ Teatro





Páxs. 27-30

Bátega Teatro

Páxs. 31-32

Mircromina Títeres

Páxs. 33-34

A Compañía Solitaria do Dr. Monifate

Páx. 35

Loia Producións

Páxs. 36-40

Tarabela Creativa

Páxs. 41-42

Bengala Teatro Físico

Páx. 43

Enésima



Páx. 44

ZoeVixión



TRÉCOLA PRODUCTIONS

Isa G. Coldeira ☎ 657 704 929 ✉ trecolaproductions@gmail.com

Amantes dos títeres e dos obxectos como protagonistas da dramaturxia, apostan pola creación de espectáculos dende a imaxinación. Son a segunda e terceira xeración dunha Compañía con máis de 40 anos de historia, e actualmente seguen a tirar do fío cunha proposta estética baseada na continua experimentación e na creación de taller con medios propios, seguindo unha clara filosofía de autoprodución.

THE PICCOLE THEATRE

Espectáculo de marionetas de fíos. Todos os públicos, a partir dos 2 anos. 60 min.

The Piccole Theatre é un espectáculo moi participativo, presentado polo gran Don Lirone, buscador de talentos por terra, mar e aire, e protagonizado por grandes artistas de madeira e cartón pedra que realizan acrobacias, números musicais, de maxia ou cómicos.

Autoría: Trécola Produccións.

Dirección: Ero Vázquez Cabrera.

Elenco: Isa G. Coldeira, Ero Vázquez Cabrera e Ura Vázquez García.

Condições básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 7 m. de boca x 6 m. de fondo x 2,30 m. de altura.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente de 220v, camerín ou similar, espazo para estacionar o furgón e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



THE PICCOLE THEATRE



TRÉCOLA PRODUCCIÓN

TOLITATES

Teatro de obxectos sen palabras. Comedia para todos os públicos. 60 min.

Tolitates, movido por unha atracción se cadra máis tola ca el, sáltase todos os sinais de perigo e fuxe da cordura, sen pensar que sempre pode haber alguén máis transgresor ca el. Un gran elenco, informal e atordado que mostra pouco siso e seriedade no modo de actuar, leva ao público á gargallada continua sen precisar mediar palabra. Neste espectáculo, Trécola revaloriza títeres e obxectos coma protagonistas da dramaturxia, obviando as palabras fronte á pantomima e a música nun escenario máxico e cheo de segredos no que non se adiviña a figura dos titiriteir@s.

Autor: Ero Vázquez Cabrera.


Dirección: Isabel Rey Pousada e Marcelino de Santiago "Kukas".

Elenco: Isa G. Coldeira, Ero Vázquez Cabrera e Raquel López Cendán.

Condições básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 4 m. de boca x 4 m. de fondo x 2,50 m. de altura.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente a 220v, camerín ou similar, espazo para estacionar o furgón e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



XAMÓN PRODUCCIÓN

☎ Xabier Iglesias 696 377 381 // Montse Rivera 615 400 050

✉ xamonproduccion@gmail.com

Xamón Producción son Xabier Iglesias e Montse Rivera, dous profesionais que levan anos traballando en proxectos comúns, que axudan a divulgar e poñer en valor o baile tradicional, mesturando teatro, música e baile. Son os responsables da obra "Moendo muiñeiras", un espectáculo para público adulto escrita e dirixida por Paloma Lugilde, onde mostran os distintos tipos de muiñeira dentro dunha trama ambientada na Guerra Civil. A nivel individual teñen feito cantidade de espectáculos tanto para público infantil como adulto ("Latexo", "Na punta do pé", "Cóntoche un traxe"...)

MARÍA BALTEIRA, A BAILADORA PRIMEIRA

Teatro e danza. Público familiar, recomendado entre 4 e 12 anos. 50 min.

Montse Rivera e Xabier Iglesias achegan o baile tradicional ás crianzas e ás súas familias cunha obra de teatro musical ambientada no medievo, na que a danza ten un papel protagonista. O Rei Sabio vive no Bosque das Artes, onde cultiva a música, a poesía e o teatro; pero algo non vai ben: nunha parte do seu bosque as plantas e as árbores non medran como deberían. Pedro Amigo é mestre de música e María Balteira a súa alumna, pero María soña con bailar. Un día cóntalle os seus sonos a Pedro, este fica abraiado co xeito de bailar de María e pídelle que lle ensine. A fama da bailadora María Balteira chega a oídos do Rei Sabio que lle escribe unha carta pedíndolle axuda para que o seu Bosque das Artes medre florido e fermoso.

Autores: Lola Saltatore, Xabier Iglesias e Montse Rivera.

Dirección: Lola Saltatore. **Elenco:** Xabier Iglesias e Montse Rivera.

Condicións básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 8 m. de boca x 5 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: a partir de outubro, segundo axenda, consultar coa Compañía.



ÍTACA TEATRO

Carlos Rebolo ☎ 670 875 211 ✉ delirioaduoteatro@gmail.com

Ítaca Teatro nace a finais de 2018, fundada por un grupo de apaixonados artistas e, dende aquela, leva estreadas cinco propostas moi diferentes, "Cinco Minutos sen respirar", "Formigas no peto", "Anacos", "Alma de grilo" e "Instrucións para tomar café". O seu novo traballo é unha coprodución co Centro Dramático Galego titulada "Profetas", texto de Ernesto Is gañador do 16º Premio Abrente de textos teatrais da MIT de Ribadavia en 2021 e que está dirixido por Carlos Alvarez-Ossorio.

A viaxe desta compañía está marcada pola exploración constante e a procura do seu aceno de identidade única no panorama teatral. Esa procura é o fío condutor da traxectoria da compañía. A viaxe implica a experimentación con distintos estilos, xéneros e formas teatrais, co obxectivo de descubrir aquilo que os distingue e conecta de maneira única coa súa audiencia. Os seus espectáculos van dende o drama contemporáneo ata o teatro literario con música en directo, pasando pola narración oral e mesmo a fusión de códigos. Este eclecticismo reflicte o seu compromiso de ofrecer ao público unha experiencia teatral rica e variada, mantendo sempre un ollo atento á evolución da artes escénicas. Ítaca abraza a idea de que cada produción é unha oportunidade para redescubrirse e redefinirse. A experimentación continúa sendo unha constante, guiando á compañía cara a novas formas de expresión e ao descubrimento da súa propia voz.

CINCO MINUTOS SEN RESPIRAR

Drama contemporáneo. Maiores de 13 anos. 75 min.

"Cinco minutos sen respirar" fala de problemas actuais como os abusos bancarios, a explotación laboral, o suicidio, a incomunicación, a violencia... cunha linguaxe que se move entre o metafórico e o literal. Trátase dunha peza que pon de manifesto a necesidade humana de imaxinar ficcións para fuxir da realidade, retratando os anhelos, os medos e a escuridade que pode albergar unha persoa a través de dous personaxes: Margarita, unha (ex) empregada de banca, e Víctor, supervisor nun supermercado.

Autor: Gustavo Ott.

Dirección: Carlos Neira.

Elenco: Elea López e Carlos Rebolo.

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior. Dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de altura.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



ÍTACA TEATRO

FORMIGAS NO PETO



Teatro contemporáneo. Público mozo e adulto. 80 min.

Carlos, Carliños, Capi... conta, sinte, viaxa por momentos a lugares da súa infancia, que é, nin máis nin menos, a súa patria. As súas lembranzas aparecen mesturadas con personaxes do cotián, que aportan outra mirada á súa historia, e con imaxes icónicas do cine ou da literatura, que evocan soños e pesadelos, os cales poderían ser unha metáfora da súa propia vida. Estes fragmentos de memoria viaxan no lombo das formigas que se agochan no seu peto e que, de cando en vez, transitan o corpo na procura de emocións. "Formigas no peto" mergúllanos na infancia, como cerne do noso ser, a través da memoria do protagonista, unha memoria que en parte podería ser a nosa, porque nela danse a man o individual e o colectivo, o que nos fai únicos e o que nos vencella cos demais.

Autores: Ana Carreira e José Campanari.

Dirección: José Campanari.

Elenco: Carlos Rebolo.

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior. Dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de altura.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



FORMIGAS



© Juan Pi

ÍTACA TEATRO

ΛΗΛΑΛΑ

Narración oral. Público mozo e adulto. 50 min.

(Historias vividas, escoitadas ou simplemente construídas no imaxinario do cotiá)

As lembranzas van aparecendo nas nosas vidas sen pedir permiso. Un cheiro, un sabor, unha foto, os primeiros acordes dunha canción ou mesmo o silencio dunha tarde, calquera tarde, invádenos e convídanos a viaxar pola memoria. Así, pouco a pouco, van agromando imaxes que nos levan a outros tempos vividos e fannos andar por camiños xa transitados. Cando estamos en soidade adoitamos gozalos, saboreando eses instantes que flotan no aire e se instalan na alma. Cando estamos en compañía tratamos de reconstruílos con palabras para compartir as historias que se gardan neses anacos.

Autor: Carlos Rebolo.

Asesoramento externo: José Campanari.

Actor e narrador: Carlos Rebolo.

Condicións básicas do espazo: espectáculo de interior ou de exterior sempre que haxa unha cuberta por se chove e que sexa un espazo tranquilo.
Dimensións mínimas do escenario 3 m. de boca x 2 m. de fondo x 2 m. de altura.

Outros requisitos: son precisos camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Dispoñibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



ÍTACA TEATRO

OLMO DE GRILLO

Teatro literario con música en directo. Público mozo e adulto. 60 min.

Co canto dos grilos como fío conductor, e acompañada da música orixinal de Vadim Yuxhnevich, María García vai debullando historias onde a fragilidade se torna afouteza, onde a cobiza crea incomunicación ou onde a imaxinación protexe da soidade. Fábulas que falan da natureza humana e dos seus paradoxos.

Autora: María García.

Dirección: José Campanari.

Elenco: María García, Vadim Yuxhnevich / Icía Saavedra.

Condições básicas do espazo: espectáculo pensado para espazos non convencionais de interior ou de exterior (sempre que haxa unha alternativa cuberta por se chove e que sexa un espazo tranquilo). Trátase dun espectáculo diurno, porque ao non empregarse equipación técnica, aproveitase a iluminación natural. Dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de altura.

Outros requisitos: son precisos camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



ÍTACA TEATRO

INSTRUCCIÓNs PARA TOMAR CAFÉ

Narración oral. Público mozo e adulto. 50 min.

Carlos Rebolo, contador de historias, artella este novo espectáculo a partires de relatos do libro “Instruccións para tomar café” de Manuel Núñez Singala, editado por Galaxia. Baixo o título homónimo, este espectáculo de narración oral reúne unha escolma de historias que falan de nós como seres humanos imperfectos. En “Instruccións para tomar café” conviven a bondade coa mesquindade, o éxito co fracaso, o fortuito co intencionado, o real co imaxinado, nunha serie de retratos debuxados con humor e retranca.

Autor: Manuel Núñez Singala.

Asesoramento externo: José Campanari.

Elenco: Carlos Rebolo.

Condicións básicas do espazo: espectáculo de interior ou de exterior sempre que haxa unha cuberta por se chove e que sexa un espazo tranquilo.

Dimensións mínimas do escenario 3 m. de boca x 2 m. de fondo x 2 m. de altura.

Outros requisitos: son precisos camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



UBÚ TEATRO

Ana Carreira ☎ 606 607 648 ✉ anacarreirav@gmail.com

Despois da súa andaina no ámbito afeccionado, Ubú Teatro comezou a súa etapa profesional no ano 2017, cando a editorial Galaxia lle encargou a adaptación para teatro de "A galiña azul" de Carlos Casares. A compañía percorreu Galicia ofrecendo máis dun cento de representacións. No ano 2018, tamén auspiciada por Galaxia e con igual número de representacións, adaptou ao teatro a novela "Leonardo e os fontaneiros" de María Victoria Moreno. No 2019 adaptou o conto "O vixilante dos sonhos" de Ana Carreira (membro do grupo) para o "Nadal en rede" organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Desde o 2020 ao 2022, esta mesma obra fixo varias xiras pola provincia de Lugo promovidas pola Área de Cultura da Deputación de Lugo. Na actualidade está en cartel xunto con "Mudanzas", obra que estrearon en 2023. A compañía está formada por profesionais da escena con ampla formación e experiencia no eido teatral e no literario, en especial para público familiar.

O VIXILANTE DE SOÑOS

Comedia. Público familiar. 45 min.

Desde pequeno, Sonólicus quere chegar á lúa. Busca no reflexo das pozas e dos espellos, sube ás caixas amoreadas e aos tellados, e tantos esforzos fai por conseguilo e tanto estira os brazos cara á lúa, que lle medran ata a deformidade. O seu empeño semella unha fantasía infantil da que a nai é testemuño. Unha noite acaba de medrar e, non só acada o seu obxectivo de acompañar á lúa, senón que se converte para sempre no vixiante do sono e dos sonhos infantís.

Autora: Ana Carreira.

Dirección: José Campanari.

Elenco: Marga Portomeñe e Ana Carreira.

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior, adaptable (excluídos polideportivos), dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 4 m. de fondo x 2 m. de altura.

Outros requisitos: camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: ata o 15 de decembro, segundo axenda, consultar coa Compañía.



UBÚ TEATRO

MUDANZAS

Comedia. Público familiar. 45 min.

Cada cambio de casa é unha aventura. Daquela chega o momento de abrir as caixas e ver como atopar un lugar para cada cousa. Pero algunhas caixas ou caixiñas, ou algún baúl, quedan á espera de que alguén os abra para revisar aqueles obxectos que gardamos sen entender moi ben o motivo. Nunha tarde de chuvia na que non saben moi ben que facer, Amanda e Matilde abren o antigo baúl azul da familia para ver que se agacha no seu interior. Abrilo é unha viaxe polas emocións, as cancións doutros tempos, as lembranzas máis entrañables, transitando polas vellas historias e sentindo que outra vez son as nenas que eran, nunha nova casa con eses obxectos vellos, que hai tempo agardan saír do baúl para dar un paseo e darlle aire á memoria.

Autoría: colectiva.

Dirección: José Campanari.

Elenco: Marga Portomeñe e Ana Carreira.

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior, adaptable (excluídos polideportivos), dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 4 m. de fondo x 2 m. de altura.

Outros requisitos: camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: ata o 15 de decembro, segundo axenda, consultar coa Compañía.



TEATRO DO MILO PRODUCCIÓN

Guillermo Cancelo ☎ 639 319 502 ✉ gilacancelo@gmail.com

A compañía Teatro do Miolo xurde no 2010. Os seus inicios estiveron marcados pola formación, en aulas e escolas municipais de teatro, así como na dinamización da arte teatral, fomentando a creación de grupos de teatro amador na provincia de Lugo: Miolo&Cia, Hipócrita Teatro, Rebuldeira Teatro, Os Trocos, Debulla Escénika, Borguete Teatro ou Lume Escénico. Como compañía, enfocaron o seu traballo a espectáculos de teatro infantil, centrándose posteriormente nun teatro máis específico e dirixido aos máis pequenos. A destacar "4 Tempos", unha peza con grande éxito no Culturgal e no Festival Internacional de Teatro para Bebés da Coruña.

SAÍNDO DO CERCO

Comedia social e terapéutica. Todos os públicos. 50 min
(con posibilidade de facer charla-coloquio ao rematar)

Suso é un novo residente no centro de maiores. Pensa que por estar na última etapa da vida, esta xa non merece ser vivida. Amalia, unha compañeira de residencia, pode ser a peza que faga dar un xiro aos acontecementos, facendo que Suso atope o sentido da súa vida. Video promocional en youtube buscando: trailer saíndo do cerco.

Autor: Guillermo Cancelo.

Dirección: Guillermo Cancelo.

Elenco: Chelo Lamela, André Vázquez e Guillermo Cancelo.

Condicións básicas do espazo: espectáculo de interior. Dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 4 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



SEÑOR LÓPEZ PRODUCTIONS

Rubén Pérez ☎ 620 782 381 ✉ senorlopezproductions@gmail.com

A Compañía do Señor López é o proxecto persoal de Rubén Pérez, no que busca desenvolver a súa faciana máis persoal como actor, dramaturgo e docente. Profesor de Lingua Galega e Literatura, quere achegar propostas educativas ao público máis novo co obxectivo de encher os auditorios. No pasado participou activamente en proxectos teatrais coas compañías Palimoco, Microefectos Dramatúrxicos, Ítaca Teato, Lucecús Teatro ou Ibuprofeno. Coordinou diferentes proxectos interdisciplinares como "Esperta Zoe", "Rincón Literario" ou "Buxiganga Proxecto Teatral" da Deputación de Lugo. Ten varias publicacións, acadou varios premios como creador artístico e hai pouco estreou a webserie documental Ronsel de Futuro para a Rede Museística Provincial de Lugo.

A VIAXE DO SEÑOR LÓPEZ

Comedia. Público familiar a partir dos 5 anos. 50 min.

O señor López é unha persoa solitaria, triste e gris. Un día calquera acontécelle unha desas cousas tristes e grises tan características do mundo dos adultos, e a partir dese momento todo cambia. Monta unha compañía de teatro. Aprende a contar chistes. Fala idiomas inventados. Viaxa nunha balsa por un mundo cheo de cores e alegría. O señor López convértese nun paxaro-inuit. Úneste á súa viaxe?

Autor, director e actor: Rubén Pérez.

Condicións básicas do espazo: espectáculo de interior (a poder ser con caixa negra para poder facer proxeccións) Polo demais, adáptase a calquera tipo de escenario, aínda que o recomendable son 3 m. de boca x 3 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: preferentemente fins de semana, segundo axenda, consultar coa Compañía.



COMPANHIA SATORI

Sonia Fernández ☎ 644 680 461 ✉ contactoconsatoriteatro@gmail.com

Compañía Satori recién naceu o pasado 2024 da man de Sonia, que comezou o seu camiño teatral na adolescencia en compañías de teatro lucenses. Estudou a especialidade de dirección escénica e dramaturxia na Escola Superior de Arte Dramático de Galicia, acadando o terceiro premio Xuventude Crea co seu proxecto de fin de carreira no ano 2013, ano no que emigrou a Bos Aires para investigar e ampliar os seus coñecementos teatrais. Despois de 10 anos de aventuras no estranxeiro, retorna a Lugo con novas propostas escénicas.

CORES DO CAMIÑO

Teatro de obxectos. Público infantil. 50 min.

Atopámonos ante un xogo escénico no que se constrúe un universo de imaxes polo que transportarnos a través dun abanico de emocións e sensacións, desas que nos habitan, que participan do noso ser. Unha viaxe que comeza co despertar dunha nova vida e percorre un camiño de principio a fin, facendo pequenas paradas que constrúen experiencias que se transforman en recordos que se volven presentes. Os obxectos, a luz, o son entran nun diálogo estético para transitar unha viaxe visual polos camiños da vida.

Autoría: colectiva.

Ollada externa: José Campanari.

Elenco: Sonia Fernández e Patricia Castro (música).

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior. Dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 4 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.


Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



LÎLÂ TEATRO

☎ Lines González 676 452 878 // Lara Regueira 649 062 210

✉ lila@lilateatro.com



LÎLÂ TeaTro é un proxecto teatral formado por dúas mulleres vinculadas ao mundo das artes escénicas dende fai máis de 15 anos. Todas as súas producións son orixinais e están dirixidas pola propia compañía. Ambas integrantes son responsables de todo o proceso creativo e de produción das obras, dende a dramaturxia ata o grafismo, pasando pola escenografía e o atrezzo. No seu percorrido non faltan os traballos de taller teatral, as colaboracións en diferentes festivais e asociacións, e por suposto, as representacións en concellos, escolas, mosteiros, auditorios, rúas, prazas, garitos e bosques.

RARA AVÍS

Comedia. Público a partir dos 13 anos. 70 min.

Paloma é un deses seres que cando camiñan parecen non tocar o chan. É coma se levara unhas ás invisibles adheridas ás súas costas que, ademais de alixerar o seu peso, a dotasen dun halo digamos que “diferente”. A través da empatía, a coraxe, a perseveranza e sobre todo do seu particular sentido do humor é como Paloma logra reconciliarse co seu pasado, desfrutar do presente e propoñerse un futuro esperanzador. Ela, coma ninguén, é capaz de amosar que nunca é tarde para un novo comezo. “Rara avis” fai honra a todas as criaturas excepcionais que buscan o seu lugar no mundo.”

Autoría: LÎLÂ TeaTro.

Dirección: LÎLÂ TeaTro.

Elenco: Lines González.

Condições básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 4 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



LÎLÂ TEATRO

DUNCAN DE PALLEIRO

Comedia. Público familiar a partir dos 3 anos. 55 min.

Así é como transcorre un día na vida dun can, pero non dun can calquera. Trátase dun can moi especial que pertence a unha raza mítica, lendaria e con moito prestixio: a de Palleiro. Este can é Duncan de Palleiro, o príncipe das corredoiras.

Duncan leva unha vida sinxela á beira do seu amo Aurelio e dos seus amigos, veciñas e rébanos de sempre, nunha pequena aldea no medio das montañas, chamada Oubidos, da que se sente moi fachendoso. Duncan ama profundamente aos nenos e ás nenas, e alí onde vai leva consigo unha gran sorpresa que non deixa a ninguén indiferente. Amizade, amor e liberdade son as palabras que máis lle gustan a Duncan de Palleiro.

Autoría: LÎLÂ TeaTro.

Dirección: LÎLÂ TeaTro.

Elenco: Lines González e Lara Manzano.

Condições básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 4 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



LÎLÂ TEATRO

LIBRO DO CABRO

Comedia. Público a partir dos 13 anos. 75 min.


Esta é unha delirante viaxe que narra as peripecias dunha cabra montesa que decide convivir coa especie humana. Este ser independente, inconformista e impaciente non é quen de comprender o proceso civilizatorio da nova veciñanza de dúas patas. A súa ousadía trocará nunha auténtica odisea no deveso por assimilar tan extravagantes conductas dende a súa condición animal. Despois de todos os malogrados intentos de coexistencia pacífica, ¿regresará á plácida vida montesa ou mudará nunha feliz e alienada cabra urbana?...

Autoría: LÎLÂ TeaTro.
Dirección: LÎLÂ TeaTro.
Elenco: Lines González.

Condições básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 4 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



BÁTEGA TEATRO

Raquel L. Cendán ☎ 649 612 920 ✉ raquel.lcendan@gmail.com

Bátega xurdiu no 2015 ao abeiro das "Noites poéticas" que se viñan celebrando desde o 2010 no Centro Social Vagalume de Lugo. Os dous membros do grupo, Pedro e Raquel, participaron desde o comezo neste evento con propostas nas que combinaban música, humor, monólogos, contos e poesía. Para darlle continuidade a esta actividade fundaron Bátega Teatro, un proxecto multidisciplinar con varias montaxes xa ás costas: "A fábrica e a tristura", "A síntese", "A dúbida e a doutrina" ou "Amordazadas", entre outras.

O MUNDO DE MARTIÑA

Teatro Musical. Público a partir dos 14 anos. 60 min.

Martiña é unha nena moi curiosa e espilida, mais hai cousas que non logra entender, como por exemplo que as súas opinións sexan menos importantes que as dos adultos, ou que teña que calar e obedecer a papá, a mamá, ao pai Edelmiro, á tía Amparo..., cando é evidente o trabucados que están acotío. Iso de que estean Deus, o ratiño Pérez, os reis magos ou o anxiño da garda observándoa para xulgar o seu comportamento e premiala ou castigala, tampouco lle acaba de gustar. Na segunda metade do espectáculo, veremos a Martiña medrar, afrontar a regra, a paixón adolescente, a autoridade paterna ou o mundo laboral. Verémola sortear obstáculos e sacar conclusións.. A través dun monólogo teatralizado, musicado e entretecido con cancións, Martiña enfrontarase á vida coas armas que vai descubrindo. O seu espírito crítico e as súas dúbidas respecto ao establecido nunca a abandoarán.

Autora: Raquel L. Cendán.

Dirección: Raquel L. Cendán.

Elenco: Pedro Insua e Raquel L. Cendán.

Condicións básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 3 m. de boca x 3 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Dispoñibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



BÓTEGA TEATRO

O PANO

Montaxe multidisciplinar que abrangue o drama, o musical e mesmo a ciencia ficción. Público a partir dos 12 anos. 60 min.

O Pano reflicte a vida de dúas mulleres entre as que existe unha conexión atemporal. Celia, nada en 1924, viviu a crueza do patriarcado ao longo do século XX e Sau vive as consecuencias do seu enquistamento nun probable devir distópico en pleno corazón do século XXI. Celia acaba de chegar ao limbo. Lembra o ensino da II República, o terror da Guerra Civil e a posguerra, escuro período no que coñece a Mario, un maltratador que lle deixou unha fonda cicatriz. Celia afrontou esa dor desde unha heroicidade pouco convencional. Coa axuda de Soidade, a fraga, a súa horta e a forza de todas as súas devanceiras, reconstruíu a súa vida. Sau 43 acaba de fuxir por unha fendedura temporal. No ano 2040, no que vive, todas as persoas levan un microchip desde a secura do 29, todas as mulleres e boa parte dos homes foron xulgadas publicamente e a agresividade medra cada día. Ou mudamos o presente ou non temos futuro. Mirémonos aos ollos, sintamos e non sucumbamos endexamais.

Autora: Raquel L. Cendán

Dirección: Raquel L. Cendán

Elenco: Raquel L. Cendán e Ero Vázquez Cabrera

Condições básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 5 m. de fondo x 2,5 m. de altura.

Outros requisitos: potencia necesaria 6.000 v.de luz e 1.000 w. de son , camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



ΒΩΤΕΓΩ ΤΕΛΤΡΟ

Ο ΡΩΝΟ



BÓTEGA TEATRO

DIVERS@S

Narración oral teatralizada. Público infantil a partir dos 4 anos. 55 min.

DiverS@S é un conto que contén moitos contos, un conto repleto de personaxes diferentes aos que lles custa atopar o seu lugar nun mundo cheo de obstáculos para quen non é como a maioría. A maxia, a música ou a bondade son algúns dos camiños que atoparán estes personaxes para atopar a felicidade.

Había unha vez un verme moi espilido pero sen nome, ao que un día lle medraron unhas fermosas ás de cores nas costas. Ese día descubriu que o seu nome era e sempre fora Bolboreta. Bolboreta botou a voar na procura do seu lugar no mundo. Así, coñeceu a Monstro Rosa que vivía nun mundo no que todo, absolutamente todo, era branco. Coñeceu tamén a Cadradiño, que tiña que durmir sempre fóra, porque todos os seus veciños eran redondos e só facían habitacións redondas. Bolboreta fíxose moi amiga da gran saxofonista Amanda a Panda, tamén de Paco o Macaco, o mellor intérprete de kazoo do mundo, ou a Leoa Leonarda que era vegana e tan fraca que a súa manada non gostaba dela. Co tempo todos estes personaxes acabarán por converterse en lendas.

DiverS@S é un conto que afonda, sobre todo, na diversidade e a igualdade, valores imprescindibles na complexa sociedade actual.

Autora: Adaptación realizada por Raquel L. Cendán de contos de distintos autores.

Dirección: Raquel L. Cendán.

Intérprete narradora: Raquel L. Cendán.

Condicións básicas do espazo: dimensións mínimas do escenario 4 m. de boca x 4 m. de fondo x 2,5 m. de altura.

Outros requisitos: potencia necesaria 6.000 v.de luz e 1.000 w. de son , camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



MIRCROMINA TÍTERES

Ton Arenas ☎ 617 353 140 ✉ tonarenas@gmail.com

Mircromina, sempre á sombra do títere, contando respiracións e calculando traxectorias. Obxectivo: a diversión. Público de referencia: os sinceiros, as nenas e nenos que ensinan ás súas familias aquilo que foi olvidado. No 2005 apareceu a primeira imaxe de referencia, un boneco móvendose polo escenario inmerso nos seus propios asuntos, con vida, coa súa propia vida.....guau!!! eu quero iso! Aquí naceu o desexo. Un desexo cheo de dúbidas e de trabas pequenas, grandes e medianas. Impedimentos rubios e morenos. Problemas gordos e fracos. O teatriño vai de escena en escena por sitios de toda condición e polo camiño atopa personaxes de todas as alcurnias e calañas, uns valen para actuar e outros... pero o pensamento está aí, presente, todo xira en torno a esa sombra, ese público, ese momento, ata que xurde unha realidade. Aquí nace un novo tempo, aquí nace o agora. Desde o Barrio dos Muiños de Mondoñedo para o resto do mundo, Mircromina conmove ao público xogando cos seus bonecos.

OLMO DE CARTÓN

Traxicomedia existencial experimental (arte e desmaio). Público a partir dos 16 anos. 50 min.

O cotián máis próximo a tomarse un café queda lonxe dos misterios da alma, tan tan lonxe que se tocan. A política é cada bocado que lle das ao corpo e a infamia segue a estudiarse nos libros de texto. Que máis se pode pedir? Internet...redes...citasss.

Autor: Señor Bigote.
Dirección: Servosistema.
Elenco: Ton Arenas.

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior. Imprescindible que o espazo poida permanecer escuro. Dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 3 m. de fondo x 2,6 m. de altura. O escenario ten que estar a unha elevación mínima de 40-60 cm.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga. Recomendables focos e cámara negra.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



MIRCROMINO TÍTERES

POSMO DE PEDRO

Comedia. Público infantil e familiar. 45 min.

Corre o ano 1843 cando Isa de Castro e Pardo de Cela, casados e residentes no castelo da Frouxeira, disfrutan duha vida relaxada chea de privilexios e distraccións. Mentres, na outra punta da comarca, os Bispos de Mondoñedo levan tempo reclamando os seus dereitos, bens e propiedades. Cansos de ser troleados pola parella contratan ao mercenario Mudarra para que lles faga o traballo sucio. A pregunta é ¿perderá Pardo a cabeza?

Autoría: Mircromina Títeres.

Dirección: Mircromina Títeres.

Actor e manipulador: Ton Arenas.

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior e de exterior.

Dimensións mínimas do escenario 5 m. de boca x 3 m. de fondo x 2,6 de altura. O escenario ten que estar a unha elevación mínima de 40-60 cm.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: até outubro, segundo axenda, consultar coa Compañía.



A COMPANHIA SOLITARIA DO DR. MONIFATE

Gustavo Fouce ☎ 617 762 757 ✉ dr.monifate@gmail.com

Gustavo Fouce é un dos membros da desaparecida compañía Nasdrovia Teatro. Titulado Superior en Arte Dramático na ESAD de Galicia continua os seus estudos en diferentes países, asistindo con asiduiade durante anos a formacións no Grotowski Institute. Despois do seu paso por varias compañías e grupos, no ano 2021 Gustavo Fouce independízouse de Titiriteria Títeres para facer os seus espectáculos en solitario e desenvolver as súas capacidades actorais e musicais, nacemento así “A compañía solitaria do Dr. Monifate”.

BADMEN, UN HOME MALO

Comedia trágica con notas musicais. Preto do “carpet show”, monólogo por que non ten máis remedio. Público adulto. Non recomendada para menores de 16 anos. 50 min.

Andréas Kakós Ánthropos (un home malo) na súa busca do mal atopou dous elementos que lle permiten facer o mal: a verdade e a arte contemporánea. Sobre estes dous elementos constrúe un monólogo dialogado no que pretende incomodar ao público. Logo de tentar amosar o mal a través dun home malvado, Andréas decátase de que o mal xa está alí, no cotián e entre o público, polo que trata de facer reflexionar sobre a maldade intrínseca do humano e a súa necesidade. Unha peza nun reducido espazo con aproximacións á comedia e ao monólogo (cómico?) dende unha perspectiva filosófica. Cancións e música para suavizar o mal, ou para darlle énfase. Un diálogo co público no que, contrariamente ás pezas que “dialogan co público”, permítese que o público responda e fale. Unha perspectiva que cuestiona a bondade de todo o ben que facemos e o mal necesario que deixamos de facer.

Autor, director e actor: Gustavo Fouce.

Condições básicas do espazo: espectáculo adaptable a todo tipo de espazos. Dimensións mínimas do escenario 4 m. de boca x 4 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: a partir do 1 de xullo, segundo axenda, consultar coa Compañía.



A COMPANHIA SOLITARIA DO DR. MONIFATE

ESPERANDO O DR. MONIFATE... CON LOMBÃO

Comedia musical. Público infantil e familiar. 45 min.

Parece que o Dr. Monifate chega tarde á función. Lombao está a agardalo no escenario e precisa facer tempo mentras non chega. Quedou de levar animais para amosarlles aos nenos pero o asunto complicouse e non puido levar ningún, así que terá que ir facendo tempo e entretendo aos nenos entrementres non chega o actor principal. Como Lombao é un novo home de campo tratará de contarlles e cantarlles as súas experiencias cos animais e cos elementos da natureza, debuxando unha paisaxe rural.

Autor, director e actor: Gustavo Fouce.

Condições básicas do espazo: espectáculo adaptable a todo tipo de espazos. Dimensións mínimas do escenario 4 m. de boca x 4 m. de fondo.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: a partir do 1 de xullo, segundo axenda, consultar coa Compañía.



LOiA PRODUCCIÓN

Aida Cobas ☎ 626 645 875 ✉ loiaproductions@gmail.com

LOiA Produccións é unha compañía de nova creación, que nace na Comarca da Ulloa co fin de poñer en valor o patrimonio cultural inmaterial dende o rural e co foco posto nas historias femininas silenciadas para axudar a visibilizalas.

MARÍA VISITACIÓN CONSOLACIÓN AMADOR

Teatro contemporáneo. Público adulto. 70 min.

Esta peza pretende amosar a vida desas mulleres que, dentro do contexto complexo que lles tocou vivir, conseguiron ter certa autonomía e incluso chegar a gañar máis que os homes en anos nos que isto era inaudito: as costureiras. Cómo reaccionou a sociedade ante este feito? Poñemos o foco en diferentes costureiras da Comarca da Ulloa, abordando o cooperativismo e a soidade, a costura como traballo e/ou expresión artística, a memoria e a industria téxtil... Elas creaban en harmonía co medio, remendando, tratando de compoñer traxes cos restos de teas, artellando da mellor maneira que podían co pouco que había, na contra da nosa actual cultura do usar e tirar. Elas compoñen parte do noso patrimonio cultural. Vai por elas.

Autora: Paloma Lugilde.

Dirección: Paloma Lugilde.

Elenco: Aida Cobas, Clara Tallón e Miguel Varela.

Condições básicas do espazo: espectáculo de interior. Dimensións mínimas do escenario 8 m. de boca x 7 m. de fondo x 4 m. de alto.

Outros requisitos: son precisos toma de corrente, potencia necesaria 30.000 v. de luz e 2.000 w. de son, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



TARABELA CREATIVA

Diego Gallego ☎ 654 363 031 ✉ info@tarabelacreativa.com

Tarabela Creativa é unha compañía asentada en Lugo e fundada por Diego Gallego e por Carmen Conde, que reúne sendas traxectorias profesionais en distintos ámbitos: Diego, procedente do mundo da produción e da xestión comercial; Carmen, guionista, narradora e dramaturga. Perseguen dúas vocacións: a primeira, contar historias a través das artes escénicas e do audiovisual... A segunda, un fundamental labor de plantar a semente dos futuros contadores e contadoras en diverso formato a través da formación. Baixo o seu selo teñen escrito e producido varios espectáculos de narración oral para público adulto e infantil, con grande presenza tanto en teatros e auditorios de Galicia, coma en festivais de diverso corte: “Elas Son Artistas”, “Agrocuir”, “De perto”, “A boca chea”, “Sete falares”, “Oikonomos”, “Festival Escena Muller”... A base de todo o traballo de Tarabela Creativa fundaméntase nas recollidas, que despois supoñen un arquivo e un repositorio dos que parten toda a escrita e a posta en escena. Crearon a miniserie web “Premios Darwin”, así como a serie dixital sobre a historia da música en Galicia “Quéreme soar!” para a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Así mesmo, ocupáronse da dirección artística, guiión e presentación dos IX Premios Martín Códax da Música Galega. Teñen como eixos fundamentais a ruralidade, o silenciado e as disidencias. Deste xeito, Tarabela Creativa completa a súa filosofía de achegar relatos que, tendo a súa orixe no común e corrente, alcanzan altas cotas de extraordinario.

BOA SORTE, MOLTO FOMO

Traxicomedia. Público a partir dos 16 anos. 120 min.

Trátase dunha traxicomedia en tres actos (acto primeiro, os tratos; acto segundo, os maltratos e acto terceiro, os retratos), nos que facendo unha cartografía e un percorrido a través de diferentes épocas e persoas, se contará a historia máis “incómoda” da nosa emigración. Empregando para isto tres disciplinas: a narración oral (que será o fío condutor), a música ao vivo (que fará que o público se ubique naquelas outras realidades e sensacións que atravesamos) e na interpretación actoral (coa que se poñerá corpo ás palabras e coa que se traballará na metáfora do espello e do reflexo como leit motiv) Tres mulleres en escena para representar, cada unha dende a súa disciplina, o rostro menos institucional da emigración galega.

Autora e directora: Carmen Conde.

Elenco: Carmen Conde, Mariña Pena e Nastasia Zürcher.

Condicións básicas do espazo: espectáculo de interior. Dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de alto.

Outros requisitos: acceso a toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.

TARABELA CREATIVO

BOA SORTE, MULO FOMM



TARABELA CREATIVA

VOİTES, ROPORİGŦ!

Comedia. Público a partir dos 16 anos. 85 min.

Non é preciso darlle moitas voltas: este é un western. Deses do salvaxe Oeste. Salvaxe, pero non lonxano, ollo. Porque Carmen 'Lingua Afiada' Conde e Su Garrido 'Guitarra Lenta' Pombo únense para traernos as historias e as melodías do noso Noroeste. Onde as paisaxes galegas, os seus personaxes, o seu xeito de buscarse a vida, de enfrontarse aos conflitos e de explorar novas posibilidades teñen un “aquel” coas pelis de vaqueiros. Unha contada ao galope entre o salvaxe Oeste americano e o feroz Noroeste galego, con toques de humor negro, surrealismo, emotividade e certo aire explosivo. Tres historias: unha heroína que lidera a resistencia dos nativos chairegos. Un home delirante que marcha do Canón do Sil ao Canón do Colorado. O foraxido con máis chiripa de toda a costa oeste, de corazón grande e mans pequenas, que “a caga” xusto no último momento. Todo aderezado por unha banda sonora a base de voz, pandeireta, sacho, guitarra ou loop.

Autora e directora: Carmen Conde.

Elenco: Carmen Conde e Su Garrido Pombo.

Condicións básicas do espazo: espectáculo tanto de interior como de exterior. Dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de alto.

Outros requisitos: acceso a toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Dispoñibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



TARABELA CREATIVO

A TARABELA AMBULANTE: IDEAS

Comedia. Público familiar a partir dos 4 anos. 50 min.

Esta é a historia de Mariña, unha nena que grazas ao aburrimiento convértese en Idea. O seu pensamento ten forma de tarabela de cores. Unha tarabela de 2,20m de altura que cada vez que xire, fará que se lle ocorran un lote de ideas mentres xoga na súa habitación. Así, irase enfrontando a dragóns, a xigantes, aprenderá a usar o inxenio e ata tocará o violoncello. Usará a linguaxe do xogo, mediante a cal poderemos entrar no seu universo, no que encarnará a distintos personaxes fantásticos. E a iso tamén nos axudarán os seus enormes xoguetes, a música, os efectos audiovisuais e o vestiario.

Autora e directora: Carmen Conde.

Elenco: Mariña Pena.

Condições básicas do espazo: espectáculo tanto de interior como de exterior. Dimensións mínimas do escenario 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de alto.

Outros requisitos: acceso a toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



TARABELA CREATIVA

O QUE NON ESTABA ESCRITO

Narración oral. Público adulto maior de 16 anos. 60 min.

Carmen Conde leva 20 anos recollendo, escribindo e contando historias. Percorrendo toda a xeografía galega e conversando no camiño con centos de persoas, que lle legaron xenerosamente anacos maravillosos das súas vidas. "O que non estaba escrito" ten este título porque os relatos que Carmen conta non estaban escritos (certo!), mais tamén polo extraoficiais e polo especiais que son! Inspirados en todo canto apanhou da oralidade, ficcionados pola propia Carmen nunha mistura indistinguible entre realidade e imaxinación e devoltos á voz falada, a través das narracións desta sesión para público adulto. Unha escolma na que ata a vida máis anónima roza o improbable e a maior normalidade choca co delirio. Unha sesión onde Carmen falará de curas que se namoran, faixas de millóns en casas de pobres, bebés nados de hortas, mulleres evanxelizadoras do pracer ou o primeiro explorador de buratos negros, entre outros... Cada contada incluírá un repertorio distinto, perfectamente escollido en modo aleatorio para a ocasión.

Autora, directora e narradora: Carmen Conde.

Condicións básicas do espazo: espectáculo para espazos non convencionais, tanto de interior como de exterior. O espazo mínimo é o necesario para colocar unha cadeira.

Outros requisitos: acceso a toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Dispoñibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



BENGALA TEATRO FÍSICO

Andrea Maseda ☎ 607 867 677 ✉ bengala.teatrofisico@gmail.com

BENGALA Teatro Físico é unha compañía emerxente formada por mulleres, artistas multidisciplinares que conxugan diversas disciplinas artísticas cara un mesmo obxectivo: reflexionar a través da arte, aspirando a ser paridoras de preguntas. Nun mundo convulso que demanda afondar e arrojar luz ás problemáticas sociais máis alarmantes, Bengala aposta por unha linguaxe plural a través da que investigar a actualidade e trasladar todas estas cuestións á sociedade coa intención de facer un teatro que envolva e atravesese, sobre todo ao público máis novo. Crean dende os View Points, misturando diferentes artes vivas e audiovisuais, e constrúen a súa dramaturxia dende a pregunta: Por que se precisa esta obra agora?

EN CARNE VIVA

Drama. Público a partir dos 12 anos. 55 min.

Esta peza danza entre varios mundos, varios personaxes presos da mesma historia, que tratarán de sobrevivir nunha sociedade deshumanizada. Disforia de xénero, frustración, amor, suicidio e xuventude son temas protagonistas nesta historia que investiga e reflexiona sobre a sociedade actual lanzando unha cuestión ao público: ata onde podemos oprimir a un ser humano para que faga o innomeable? Unha dramaturxia inspirada libremente no personaxe de Segismundo da obra 'La vida es sueño' de Calderón de la Barca; na película 'Laurence Anyways' de Xavier Dolan e en múltiples investigacións e relatos anónimos.

Autora e directora: An González.

Elenco: Andrea Maseda, Estrella Tomé, Alicia López, Estela del Río e Lydia Prada.



Condições básicas do espazo: Espectáculo de interior. Imprescindible que o escenario dispoña de proxector, saída e entrada por patas laterais, así como paso por detrás do telón de fondo. Dimensións mínimas do escenario 7 m de boca x 7 m. de fondo.

Outros requisitos: consultar coa Compañía as necesidades mínimas de luz e son. Son precisos camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.

EN CARNE VIVA
BENGALA TEATRO FÍSICO

BENGALA TEATRO FÍSICO



ENÉSIMA

Bal Castro ☎ 634 484 298 ✉ enesimaescenicas@gmail.com

A Enésima é una compañía de teatro físico centrada nas artes do movemento, que nace da necesidade de explorar novas canles de comunicación artística a través da experimentación corporal, sonora e escénica. Tras formarse na Escola Superior de Arte Dramático de Galicia e no programa intensivo de danza contemporánea e creación de Oficina Zero, Porto, Inés Santos e Bal Castro deciden unirse para crear un espazo de liberdade creativa no que poder expresar as súas inquietudes artísticas. Deixándose atravesar pola vulnerabilidade que supón estar en escena e o cuestionamiento constante de por que fago isto? É facelo.

TRANSPARENTAR

Teatro Danza. Público a partir dos 16 anos. 50 min.

Espectáculo de teatro danza que trata as dificultades da xeración xeración Z ou xeración de cristal, formada por persoas que naceron entre finais dos anos noventa e inicios dos 2000. Aparentemente é unha xeración sen dificultades e moi criticada polo resto de xeracións mais maiores. Téñeno todo, sen embargo, é unha xeración na que o suicidio é a principal causa de morte. Nesta obra expónse o uso obsesivo das redes sociais e os seus efectos negativos en idades nas que a personalidade estase a consolidar. Dende un punto satírico, "Transparentar" mostra como a cantidade inxente de visualizacións de todo tipo xeran unhas autoestimas baseadas na imaxe, na hipersexualización e nos likes. A xeración de cristal é fráxil ou transparente?

Autoría: Enésima.

Dirección: Enésima.

Elenco: Bal Castro e Inés Santos.

Condições básicas do espazo: Espectáculo de interior. Dimensións mínimas do escenario 3 m. de boca x 5 m. de fondo.

Outros requisitos: linóleo e proxector, acceso a toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.



ZOEVIXIÓN

Zoe Iriarte ☎ 686 999 683 // 633 116 328 ✉ zoevixion@gmail.com

Zoe comezou no mundo do teatro en 1980, pero non foi ata o 1986 cando montou a súa primeira compañía de teatro. No 1989 naceron Lohengrín Teatro e as escolas de creatividade teatral, nas que deron os seus primeiros pasos máis de tres ducias de actores e actrices que hoxe traballan profesionalmente. Zoe formouse en teatro social, teatro do oprimido, teatro foro, teatro cego, cabaret, escenografía, teatro expresivo con Jacques Lecoq, clown poético e tamén no estudo de teatro de Augusto Boal. No ano 2023 creou a súa marca profesional ZoeVixión, onde busca dar visibilidade, nas súas catro vertentes (fotografía, iluminación, obradoiros e teatro), aos colectivos máis esquecidos.

ESTOREI NTO O FIN

Teatro xestual. Público a partir dos 14 anos. 30-45 min.

Nesta proposta, ZoeVixión toca de forma directa, poética e desgarradora, o tema da guerra. Un personaxe que non ten nada que ver nun conflito bélico, vese envolto nel. A través do seu corpo e de tan só dous obxectos, a actriz trata de transmitir a dor incomprensible que provocan as guerras.

Autora, actriz e directora: Zoe Iriarte.

Condicións básicas do espazo: Apto para toda clase de espazos de interior ou de exterior.

Outros requisitos: acceso a toma de corrente, camerín ou similar, espazo para estacionar e acceso a zona de carga e descarga.

Disponibilidade: segundo axenda, consultar coa Compañía.

